


O nascimento do DRAGÓN

Wang Fei
Marie Sellier
Catherine Louis



FAKTORIA

R

DE LIBROS

O nacemento do dragón.

Antano, hai xa moito tempo, nos días en que non existían os dragóns, os homes, as mulleres e os nenos da China cazaban, pescaban e vivían en tribos baixo a protección de espíritos benévolos.

Estes espíritos asemellábanse aos animais cos que vivían sempre.

Os pescadores da beira do mar escolleran o peixe que escintila entre dúas augas.

Os habitantes das montañas adotaran o paxaro que tan ben sabe cazar cando está preto das nubes.

Os xinetes das chairas infindas preferiran o cabalo que galopa veloz coma o vento.

Os das altas mesetas puxéranse baixo a protección da serpe que cobreguea silandeira dun lugar a outro.

E as xentes dos fértiles arroais tiñanlle fe ao búfalo, amigo do home e traballador incansable.

Así vivían os homes, as mulleres e os nenos da China, baixo a protección do peixe, do paxaro, do cabalo, da serpe e do búfalo.

E igualmente, e por desgraza, tamén así guerreaban no nome de todos os seus animais protectores.

Tantísimo combatían que, un día, todos, os nenos de todas as tribos de China cansaron de tanta loita e declaráronlle á guerra.

Entón decidiron crear un animal que protexxese a todos os homes á vez:

Un animal vivo coma o peixe, libre coma o paxaro, rápido coma o cabalo, astuto coma a serpe e forte coma o búfalo.

Tomaron o corpo da serpe e pégaronlle as escamas do peixe.

Colleron a cabeza do cabalo e puxéronlle os cornos do búfalo.

Logo xuntaron a cabeza e o corpo, e engadíronlles as patas do paxaro.

E aquel animal fabuloso que podía alzarse no aire, somerxerse no mar e afundirse na terra chamáronlle Dragón.

Cando os homes e as mulleres de todas as tribos da China descubriron o dragón pareceulles tan fermoso que, por primeira vez, estiveron todos de acordo.

E entón decidiron que xamais farían a guerra entre eles.

Abofé que houbo outras guerras, pero o dragón segue a ser na China o animal da PAZ, e todos os anos é unha alegría festexar con el o Aninovo chinés.